



## MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E MEMORIA DEMOCRÁTICA

Subcomisión Paritaria

08/10/2025

O acordo de produtividade do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, presentado o **7 de outubro de 2025**, substitúe o anterior do **9 de outubro de 2024**. O texto de 2025 **mantén na súa totalidade a estrutura, os criterios e o sistema de reparto** establecidos no acordo previo, limitándose a un **ajuste formal e temporal**, non a unha reforma real.

### Estrutura e contido: idénticos

Ambos acordos reproducen case palabra por palabra a mesma redacción: ámbito de aplicación, seguimento, distribución do crédito, modalidades de produtividade (P1 e P2), criterios de avaliación, corrección por IT, exclusións e procedemento.

### Criterios de reparto

- **Mantense a dualidade P1/P2:** a P1 retribúe o desempeño normal e a P2 o rendemento especial ou a consecución de obxectivos.
- **Os coeficientes correctores** son exactamente os mesmos: ata 0,5 por actividade extraordinaria, 0,3 por colaboración noutras áreas e 0,2 por mellora da xestión.
- **O cálculo do total (P1+P2)** e a súa minoración pola incapacidade temporal repítense sen cambios.
- Mesmo a **cantidad base da P1 segue fixada en 200 €**, segundo o anexo en ambos documentos.

A única modificación formal é que o acordo de 2025 **substitúe expresamente o anterior**, pero sen incorporar melloras nin novos criterios de xustiza ou transparencia no reparto.

A CIG decidimos **NON ASINAR**, a igual que fixemos no ano 2024 porque non se avanza ao respecto de anos anteriores, entendíamos que para asinar este novo documento de criterios no punto 4,4,

*"4.4 No podrá formularse propuesta en favor de aquellos trabajadores que vengan percibiendo otros complementos de productividad tales como las correspondientes a Parque Móvil o vayan a ser propuestos para la Mejora de Extranjería.*

*No obstante, en el reparto de estas retribuciones complementarias basadas en el rendimiento se evaluará la consecución de objetivos según la naturaleza de las tareas desarrolladas."*

**onde exclúe o cadre de persoal que recibe a mellora retributiva de extranxeria,** non especifica que a mellora retributiva de extranxería non está basada nos baremos deste acordo. Para CIG debe quedar claro que o reparto de mellora retributiva estará suxeto a estos mesmos criterios.

*O acordo de produtivididade 2025 é, na práctica, un "copia e pega" do de 2024, cunha actualización de data e firma pero **sen cambios en criterios, cuantías nin enfoque.***

*A súa aprobación confirma unha liña **claramente continuista** por parte da Administración, que volve adiar unha revisión profunda do sistema retributivo do persoal laboral, malia os compromisos de renovación e as peticións de maior equidade no reparto.*

Galiza, 8 de outubro do 2025